

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARTEIXO

##### Renda e Exaccións

*Aprobación da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixos e residuos urbanos do Concello de Arteixo correspondente ao segundo semestre de 2021*

##### EDICTO

#### EXPOSICIÓN PÚBLICA DA APROBACIÓN DO PADRÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXOS E RESIDUOS URBANOS DO CONCELLO DE ARTEIXO CORRESPONDENTE AO SEGUNDO SEMESTRE DE 2021

Por Resolución da Alcaldía de data oito de marzo de 2022 e con número 749, acordouse:

PRIMEIRO.–Aproba-lo padrón da “taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixos e residuos urbanos do Concello de Arteixo” (Ordenanza fiscal n.º 14), correspondente ao SEGUNDO SEMESTRE 2021, no que constan 17.403 recibos por un importe de NOVECIENTOS CINCUENTA E OITO MIL TRESCENTOS SESENTA E TRES EUROS E SESENTA E UN CÉNTIMOS (958.363,61 €), segundo o seguinte detalle:

VIVIENDAS	16.296 UF	761.023,20 €
EMPRESAS	1.107 UF	197.340,41 €
<b>TOTAL</b>	<b>17.403 UF</b>	<b>958.363,61 €</b>

DOMICILIADOS	11.434 UF	611.556,17 €
NON DOMICILIADOS	5.969 UF	346.807,44 €

SEGUNDO.–Expoñer ao público tódolos datos incorporados ao padrón que se aproba, mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación e na web municipal. Esta exposición, por prazo de quince días dende a correspondente publicación no BOP servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

TERCEIRO.–Fronte aos recibos incorporadas ao padrón, tódolos interesados poderán interpor RECURSO DE REPOSICIÓN ante esta Alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao remate da exposición ao público do padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo de un mes dende a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpor RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses, dende a notificación da resolución expresa, ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente”.

CUARTO.–O prazo de pagamento en período voluntario será dende o 15 de marzo de 2022 ao 26 de maio de 2022. Para o cobramento dos citados tributos se remitirá ao enderezo dos suxeitos pasivos un recibo co obxecto de que o seu importe sexa ingresado, no prazo voluntario indicado.

As formas de pago son as seguintes:

1. Na ventanilla das entidades bancarias colaboradoras, nos días e horarios que teñan habilitados a tal fin, e tamén a través da súa rede de caixeiros.
2. Na páxina web do Concello de Arteixo ([www.arteixos.org](http://www.arteixos.org)), pinchando en “pagos on line”(ABANCA).

Para os contribuíntes que teñan domiciliado o pagamento nunha entidade financeira os recibos seranlles cargados na conta por eles indicada o vindeiro 29 de marzo de 2022. As persoas que non reciban ou extravíen os recibos mencionados poderán solicitar un duplicado nas oficinas do Concello, sitas na Praza Alcalde Ramón Dopico, antes do remate do prazo indicado, dado que a falta de recepción non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinxir-

mento. Asemade, poderán interpoñer as reclamacións que estimen pertinentes ou solicitar canta información precisen en horario e 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres.

Advírteselles de que transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento, logo de devengar o recargo de prema, xuros de mora e, no seu caso, as custas que se produzan.

QUINTO.–Dar traslado da presente Resolución aos Departamentos de Tesourería, e de Intervención, aos efectos oportunos.

SEXTO.–Dar conta á Xunta de Goberno Local na Próxima sesión que se celebre.

Arteixo, 9 de marzo de 2022.

Asina dixitalmente: Patricia Amado Varela (CONCELLEIRA DE ECONOMÍA E FACENDA, CONTRATACIÓN, TURISMO E NOVAS TECNOLOXÍAS)

2022/1227